



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 63 · Venres, 18 marzo 2011

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva da RPT para o ano 2011	2
Aprobación definitiva do Plan de emprego correspondente ó exercicio 2011.....	52
Licitación para a contratación da subministración de dous camiões recolectores de residuos sólidos urbanos (RSU) con carga traseira con destino ó Servizo de Augas e Medio Ambiente da Area de Infraestruturas e Servizos da Deputación Provincial de Ourense.....	57
Convocatoria e bases para a selección, como persoal laboral interino, dun capataz de explotacións agropecuarias.....	57
Convocatoria e bases para a selección, como persoal laboral temporal, dun técnico especialista en xestión de redes sociais	64
Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico	
Convocatoria e bases para a selección, como persoal laboral temporal, dun veterinario para o Inorde	70
Convocatoria e bases para a selección, como persoal laboral temporal, dun tractorista para o Inorde	76
Convocatoria e bases para a selección, como persoal laboral temporal, dun auxiliar administrativo para o Inorde	82

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva de la RPT para el año 2011	4
Aprobación definitiva del Plan de empleo correspondiente al ejercicio 2011	54
Licitación para la contratación del suministro de dos camiones recolectores de residuos sólidos urbanos (RSU) con carga trasera con destino al Servicio de Aguas y Medio Ambiente del Área de Infraestructuras y Servicios de la Diputación Provincial de Ourense.....	57
Convocatoria y bases de selección, como personal laboral interino, de un capataz de explotaciones agropecuarias.....	59
Convocatoria y bases de selección, como personal laboral temporal, de un técnico especialista en gestión de redes sociales	65
Instituto Ourensano de Desarrollo Económico	
Convocatoria y bases de selección, como personal laboral temporal, de un veterinario para el Inorde	71
Convocatoria y bases de selección, como personal laboral temporal, de un tractorista para el Inorde	77
Convocatoria y bases de selección, como personal laboral temporal, de un auxiliar administrativo para el Inorde	83



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

Con data 28 de xaneiro de 2011, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense acordou aprobar definitivamente a Relación de postos de traballo da Deputación para o ano 2011, coa resolución das reclamacións formuladas durante o trámite de información pública.

O que se publica, en cumprimento da normativa vixente ordenándose a publicación, en anexo a este anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, das determinacións de carácter normativo (anexo I), organigrama e a Relación de postos de traballo de 2011 (anexo II), así como a táboa de complemento específico dos diferentes postos de traballo (anexo III), indicando que contra o acordo de aprobación definitiva desta, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, computado de data a data a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer-los recursos ou accións legais que estimen oportunas.

Ourense, 4 de marzo de 2011. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

Anexo I

1. Determinacións xerais:

1.1) Concepto, clases e denominacións empregadas para as unidades administrativas.

1. Constitúe unha unidade administrativa cada conxunto de postos de traballo vinculados por unha xefatura común e cuxas tarefas ó servizo da Administración se atopan materialmente relacionadas entre si, constituíndo unha unidade funcional diferenciada.

2. As unidades administrativas poden ser simples -integradas, exclusivamente, por postos de traballo- ou complexas, que son as unidades que integran no seu seo outras unidades máis pequenas.

3. As unidades administrativas poden ser comúns ou especiais:

a) Unidades administrativas comúns son as unidades típicas da Administración provincial, que agrupan postos de traballo con funcións predominantemente burocráticas. Dentro delas distínguense os equipos, os gabinetes, os negociados, as seccións, os servizos e as áreas, cuxa definición é a seguinte:

a.1) Equipo: unidade con funcións xerais de conservación, mantemento, vixilancia ou custodia de bens, edificios ou instalacións, ou funcións auxiliares dos negociados ou seccións, funcións ofimáticas ou funcións de carácter predominantemente manual dentro doutras unidades. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo dos grupos das agrupacións profesionais sen requisito de titulación, C2 ou C1, de xeito exclusivo ou indistinto.

a.2) Gabinetes: son unidades caracterizadas por posuír funcións de apoio e asesoramento especial a outras unidades ou a órganos da Corporación.

a.3) Negociado: é a unidade administrativa básica. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos C1, A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

a.4) Sección: unidade administrativa intermedia entre o negociado e o servizo. Agrupa dous ou máis negociados, e intégrase, con outras seccións, nun servizo. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

a.4) Servizo: unidade administrativa complexa, integrada por varios negociados e/ou seccións. Por excepción, considéranse servizo a unidade administrativa de arquitectura (Servizo de

Arquitectura), dado que -malia tratarse dunha unidade simple- non está adscrita a ningunha área.

Os servizos poden integrarse en áreas ou configurarse como servizos non adscritos. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

As determinacións deste apartado non serán de aplicación ó Servizo de Deportes, por tratarse -malia a súa denominación- dunha unidade de carácter especial.

a.5) Área: unidade administrativa complexa, que agrupa dous ou máis servizos. Por excepción, considéranse integradas nunha área as unidades administrativas que desenvolven as funcións propias da Intervención (aínda que só comprende un servizo) en atención á súa complexidade e ó marcado carácter directivo da función pública interventora. A xefatura das áreas atribuirase exclusivamente a postos de traballo reservados a prazas do grupo A1.

b) Son unidades administrativas especiais aquelas unidades que, pola singularidade das súas funcións (determinada polo seu carácter non burocrático, a súa localización en centros de traballo externos ó Pazo Provincial ou por calquera outra singularidade relevante que desaconselle a súa homologación coas unidades administrativas ordinarias ou comúns) adoptan unha configuración específica. Neste grupo inclúense as brigadas, os parques e equipos de maquinaria ou vehículos, os centros culturais, deportivos e formativos, as granxas e explotacións agropecuarias e outros centros de traballo especiais que poidan configurarse no futuro.

Sen prexuízo do anterior, as unidades administrativas especiais poden integrarse en unidades administrativas comúns de carácter complexo. Así mesmo, poden conter no seu seo unidades administrativas de carácter común.

A tipoloxía das unidades administrativas especiais abrangue os seguintes supostos:

Brigadas: son unidades que teñen por obxecto a realización de traballos predominantemente manuais en obras públicas, conservación e mantemento de bens e equipos ou prestación de servizos.

Parques de maquinaria ou vehículos: son unidades que teñen por obxecto a xestión, conservación e funcionamento ordinario dos vehículos e maquinaria ó servizo da Deputación Provincial.

Equipos de maquinaria: son unidades autónomas de maquinaria ou vehículos, adscritas a un concreto servizo ou sección.

Centros culturais, deportivos ou formativos: inclúense neste grupo os establecementos dependentes da Deputación Provincial dedicados á prestación de servizos de carácter cultural, deportivo e formativo, tales como escolas, bibliotecas, teatros, museos, salas de exposicións, instalacións deportivas, etc.

Granxas: inclúense neste grupo as explotacións agropecuarias dependentes da Deputación Provincial.

Non se establecen regras xerais para a organización e integración destas unidades administrativas especiais, nin para a determinación dos requisitos dos postos nos que concurra a súa xefatura ou dirección, resolvéndose estas cuestións caso por caso, xustificadamente en función das peculiaridades que presenten as concretas unidades existentes.

1.2) Criterios de clasificación dos postos como singularizados ou non singularizados:

De acordo co establecido no artigo 18 da Ordenanza provincial reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión de postos da Deputación Provincial de Ourense, os postos non singularizados son aqueles que non posúen un contido esencial distinto ó doutros postos da mesma natureza, nivel de complemento de destino, complemento específico e forma de provisión. O elemento fundamental para determinalo carácter singularizado é claramente o contido funcional do



posto - contido que será ó que, á súa vez, determine as retribucións complementarias e a forma de provisión. O criterio fundamental empregado para a determinación do carácter singularizado dos postos foi, así, a existencia de peculiaridades funcionais respecto das funcións xenéricas atribuídas ás categorías profesionais ás que se reservan os postos. Nos casos nos que se aprecie a existencia de especificidades funcionais relevantes de carácter substancial (especial dificultade técnica, responsabilidade, perigosidade ou penosidade, xornada ou horario especial, etc.) o posto clasificarase como singularizado, e como non singularizado no resto dos casos.

1.3) Determinacións xerais sobre o establecemento da forma de provisión dos postos:

1. O concurso ordinario é o procedemento común de provisión de postos. Os procedementos de concurso específico e libre designación só poderán utilizarse nos casos previstos nos apartados 2 e 3 seguintes.

2. O concurso específico poderá establecerse para a provisión de postos singularizados que ademais teñan características que aconsellen a valoración de méritos ou calidades específicos (creatividade, habilidades directivas, especial coñecemento dunha materia ou outros análogos).

3. O procedemento de libre designación só poderá empregarse para a provisión dos postos de xefatura de área e a postos de apoio directo á Presidencia.

1.4) Determinacións xerais sobre a asignación do complemento de destino:

Partindo do carácter xerárquico do complemento de destino, que vén a expresa-la posición do posto de traballo na estrutura administrativa, a súa atribución ós diferentes postos da RPT realizarase de conformidade coas seguintes regras:

a) Postos de grupo A1:

Xefatura de área: nivel 30.

Xefatura de servizo ou análogo: nivel 29

Xefatura de sección: nivel 28.

Xefatura de negociado: nivel 27.

Postos singularizados de especial relevancia: nivel 27.

Postos base: 26.

b) Postos de grupo A2:

Xefatura de servizo ou sección: nivel 26.

Adxunto ó xefe de servizo ou sección: nivel 26.

Xefe de negociado ou postos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 25.

Posto base: nivel 24.

c) Postos do grupo B:

Xefe de negociado: nivel 25.

Postos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 23

Posto base: nivel 21.

d) Postos do grupo C1:

Xefatura de negociado ou equivalente: nivel 22.

Xefatura de equipo ou postos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 21.

Posto base: nivel 19.

e) Postos do grupo C2:

Postos con xefatura: nivel 18.

Postos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 17.

Postos base: nivel 16.

f) Postos de agrupacións profesionais sen titulación:

Postos con xefatura ou singularizados de especial relevancia funcional: nivel 14.

Postos base: nivel 12.

1. 4. Normas de valoración do complemento específico:

1. De conformidade co disposto no artigo 23.3.b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública, os elementos obxecto de valoración para a súa retribución a través do complemento específico son a especial difi-

cultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

2. Tódolos postos integrados nun mesmo grupo de titulación serán asignado un tramo fixo no complemento específico, por entender que en tódolos casos existirán elementos comúns, de difícil valoración por separado, de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. Para estes efectos, o persoal pertencente ás escalas de Administración local con habilitación de carácter estatal considerarase integrado nun grupo diferenciado do resto dos funcionarios do grupo A.

O importe do tramo fixo, para o exercicio 2011, será o seguinte:

Habilitados estatais: 12.639,651 €

Grupo A1: 11.119,006 €

Grupo A2: 9.606,134 €

Grupo B: 8.089,3763 €

Grupo C1: 8.089,3763 €

Grupo C2: 6.977,081 €

Agrupacións profesionais sen requisito de titulación: 6.585,92 €

3. As especiais circunstancias de dificultade, dedicación, responsabilidade, penosidade e perigosidade e incompatibilidade de cada posto de traballo, non retribuídas a través do tramo fixo, serán obxecto de valoración nun tramo variable, no suposto en que existan, conforme ás regras establecidas nos apartados seguintes.

4. Para cada factor valorable, establécense distintos graos, en función da diversa intensidade coa que ese factor concorra no desenvolvemento de cada posto de traballo. A cada grao atribúeselle unha determinada puntuación, asignándose un valor económico unitario ó punto, de tal xeito que a valoración do complemento específico será o resultado de multiplicar a puntuación obtida polo valor económico unitario correspondente.

O complemento específico de cada posto será así o resultado da suma das puntuacións obtidas en cada factor obxecto de valoración, mailo tramo fixo previsto para cada grupo, expresándose na seguinte fórmula polinómica: complemento específico = (T+D+R+Pnl+I) + tramo fixo.

5. O valor económico asignado a cada punto pasa a ser de 101,1172 euros para os grupos A1, A2, B, C1 e C2 e de 105,3748 euros para as agrupacións profesionais sen requisito de titulación.

6. En tódolos factores, agás no factor de responsabilidade, cada grao terá o seguinte valor en puntos: grao 1 = 1 punto; grao 2 = 3 puntos; grao 3 = 6 puntos; grao 4 = 12 puntos; grao 5 = 27 puntos.

No factor de responsabilidade o valor dos graos é o seguinte: grao 1 = 6 puntos; grao 2 = 18 puntos; grao 3 = 36 puntos; grao 4 = 72 puntos; grao 5 = 108 puntos; grao 6 = 156 puntos.

Cando se estime que nun posto non concorre en ningún dos seus graos o factor de valoración de que se trate, asignaráselle o grao cero, sen puntuación nese concepto.

7. Na valoración da dificultade dos postos de traballo distinguirase a valoración da dificultade técnica e a da autonomía e/ou iniciativa que esixa o seu desenvolvemento.

Establécense cinco graos de dificultade técnica e de autonomía e/ou iniciativa, que se definen do seguinte xeito:

a) Dificultade técnica:

- Grao 1: postos nos que, aínda que as tarefas realizadas habitualmente teñan un carácter simple, rutineiro ou de escasa dificultade, poden aparecer, con certa frecuencia, situacións con poucas opcións de elección.

- Grao 2: postos nos que as tarefas realizadas obrigan, habitualmente, a resolver situacións con varias opcións de elección.

- Grao 3: postos nos que, cunha alta frecuencia, deben resolverse situacións con varias opcións de elección, sendo precisa a obtención e a análise dunha información relativamente com-



plexa, esixíndose ademais unha resposta inmediata ou nun tempo breve.

- Grao 4: actividades complexas pola súa diversidade ou profundidade, que normalmente implican a toma de decisións difíciles de consecuencias menos previsibles, esixindo a obtención e a análise de información complexa nun tempo breve.

- Grao 5: actividades moi complexas, no marco de responsabilidades que afecten a unidades con funcións diferentes, implicando a integración de información de carácter heteroxéneo, funcións de resolución de conflitos, elaboración de plans e programas complexos ou a realización de estudos ou propostas de carácter innovador e sen suxeición a precedentes.

Para a aplicación dos graos de dificultade técnica a cada posto de traballo terase en conta tanto a titulación e a formación esixida para o desempeño do posto como a carga de traballo deste, considerando que o grao de dificultade debe ponderarse en función do nivel de coñecementos que se presumen no traballador en razón da súa formación, e que a carga de traballo aumenta a dificultade, ó obrigar a resolver un maior número de asuntos nun tempo máis breve.

b) Autonomía e/ou iniciativa:

- Grao 1: postos de traballo suxeitos a instrucións concretas e específicas, aínda que sen un control ou supervisión directa e permanente por outro posto de traballo.

- Grao 2: postos de traballo suxeitos a instrucións xenéricas.

- Grao 3: postos de traballo suxeitos unicamente a instrucións referentes ós resultados e obxectivos para alcanzar.

- Grao 4: postos de traballo suxeitos unicamente a directrices referentes a políticas e obxectivos xerais.

- Grao 5: postos non sometidos a directrices políticas ou funcionais, ou con funcións que exclúan a dependencia xerárquica en canto ó seu concreto desenvolvemento.

8. O factor de dedicación mide a dispoñibilidade esixida ó funcionario para realiza-las súas funcións fóra da xornada laboral establecida.

Na valoración do factor de dedicación distínguense cinco graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: dispoñibilidade ocasional.

- Grao 2: dispoñibilidade habitual baixa

- Grao 3: dispoñibilidade habitual media

- Grao 4: dispoñibilidade habitual alta

- Grao 5: dispoñibilidade plena.

9. Para a valoración do factor de responsabilidade establécense seis graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: postos cunha responsabilidade baixa, nos que os posibles erros ou desviacións poden ser facilmente detectados polo propio titular do posto ou o seu inmediato superior.

- Grao 2: postos cunha responsabilidade media, nas que os erros ou desviacións poden ser detectados ó remata-lo traballo ou posteriormente, en cuxo caso resultan de difícil corrección, coa conseguinte perda de tempo ou cunha repercusión económica ou de imaxe de certa importancia.

- Grao 3: postos cunha responsabilidade cualificada, por implica-la dirección de unidades administrativas ou a realización de actividades profesionais das que poidan derivar consecuencias de importancia para a Deputación Provincial.

- Grao 4: postos con responsabilidade directa de dirección, coordinación e xestión de unidades complexas, o funcionamento das cales, non obstante, non incide no rendemento do resto de unidades da Administración provincial.

- Grao 5: postos con responsabilidade directa de dirección, coordinación e xestión de unidades complexas, de cuxo funcionamento dependen o resto das unidades da Administración provincial; postos con responsabilidade directa en materia de seguridade e protección de cargos públicos; postos de apoio directo a postos co grao 6 de responsabilidade.

- Grao 6: postos con responsabilidade de asesoramento directo ós órganos políticos da Corporación na toma de decisións de natureza normativa, orzamentaria o de planificación e xestión, así como postos con responsabilidades superiores de xestión de áreas ou servizos de especial complexidade e importancia.

Na valoración do factor de responsabilidade non se terán en conta as posibilidades de causación de prexuízos por condutas dolosas ou gravemente negligentes por parte dos empregados públicos.

10. Para a valoración do factor de penosidade e perigosidade establécense catro graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: postos que alternan condicións normais con circunstancias tales como un ambiente desagradable, un certo risco de accidente, posturas incómodas, desprazamentos frecuentes, atención á pantalla do ordenador e/ou atencións ó público.

- Grao 2: postos que levan implícitos desprazamentos constantes, posturas incómodas durante gran parte da xornada, risco medio de accidente, atención constante e continuada á pantalla do ordenador, tensión e estrés por xestionar de forma sistemática demandas de terceiros e conflitos ou especialidades na xornada que, sen implicar exceso da xornada normal, esixan un maior esforzo por parte do traballador (nocturnidade, xornadas en festivos).

- Grao 3: postos que esixen a realización de traballos manuais que requiran un especial esforzo en ambientes desagradables, insalubres ou perigosos, ou que comporten un alto risco de accidente.

- Grao 4: postos que esixen a realización de traballos manuais que requiran un especial esforzo en ambientes desagradables, insalubres ou perigosos cun carácter continuado ou que impliquen un alto risco de accidente grave.

11. Para a valoración da incompatibilidade establécense tres niveis, coa valoración que se indica.

- Nivel 3: postos que poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas, sempre que se respecten os límites e requisitos xerais establecidos na lexislación de incompatibilidades. Valoración: 1 punto.

- Nivel 2: postos que só excepcionalmente poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas, sempre que se garanta a debida atención ó posto de traballo. Valoración: 3 puntos.

- Nivel 1: postos que en ningún caso poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas. Valoración: 5 puntos.

O establecemento dos diferentes niveis de incompatibilidade realízase en atención ó grao de dedicación esixible ó posto, e non á posibilidade de colusión entre actividades públicas e privadas, ó atoparse esta última prohibida, con carácter xeral e sen excepcións, para tódolos postos, pola lexislación vixente.

Ourense, 4 de marzo de 2011. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

Con fecha 28 de enero de 2011, el Pleno de la Diputación Provincial de Ourense acordó aprobar definitivamente la Relación de puestos de trabajo de la Diputación para el año 2011, con la resolución de las reclamaciones formuladas durante el trámite de información pública.

Lo que se publica, en cumplimiento de la normativa vigente ordenándose la publicación, en anexo a este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, de las determinaciones de carácter normativo (anexo I), organigrama y la Relación de puestos de trabajo de 2011 (anexo II), así como

la tabla de complemento específico de los diferentes puestos de trabajo (anexo III), indicando que contra el acuerdo de aprobación definitiva de ésta, los interesados podrán interponer recurso contencioso-administrativo ante los Juzgados de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses, computado de fecha a fecha a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Sin perjuicio de lo anterior, los interesados podrán interponer los recursos o acciones legales que estimen oportunas.

Ourense, 4 de marzo de 2011. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

Anexo I

I. Determinaciones generales:

1.1) Concepto, clases y denominaciones empleadas para las unidades administrativas.

1. Constituye una unidad administrativa cada conjunto de puestos de trabajo vinculados por una jefatura común y cuyas tareas al servicio de la Administración se encuentran materialmente relacionadas entre sí, constituyendo una unidad funcional diferenciada.

2. Las unidades administrativas pueden ser simples -integradas, exclusivamente, por puestos de trabajo- o complejas, que son las unidades que integran en su seno otras unidades más pequeñas.

3. Las unidades administrativas pueden ser comunes o especiales:

a) Unidades administrativas comunes son las unidades típicas de la Administración provincial, que agrupan puestos de trabajo con funciones predominantemente burocráticas. Dentro de ellas se distinguen los equipos, los gabinetes, los negociados, las secciones, los servicios y las áreas, cuya definición es la siguiente:

a.1) Equipo: unidad con funciones generales de conservación, mantenimiento, vigilancia o custodia de bienes, edificios o instalaciones, o funciones auxiliares de los negociados o secciones, funciones ofimáticas o funciones de carácter predominantemente manual dentro de otras unidades. Su jefatura puede atribuirse a puestos de trabajo de los grupos de las agrupaciones profesionales sin requisito de titulación, C2 o C1, de forma exclusiva o indistinta.

a.2) Gabinetes: son unidades caracterizadas por poseer funciones de apoyo y asesoramiento especial a otras unidades o a órganos de la Corporación.

a.3) Negociado: es la unidad administrativa básica. Su jefatura puede atribuirse a puestos de trabajo reservados a las plazas de los grupos C1, A2 o A1, sea de forma exclusiva o indistinta.

a.4) Sección: unidad administrativa intermedia entre el negociado y el servicio. Agrupa dos o más negociados, y se integra, con otras secciones, en un servicio. Su jefatura puede atribuirse a puestos de trabajo reservados a las plazas de los grupos A2 o A1, sea de forma exclusiva o indistinta.

a.4) Servicio: unidad administrativa compleja, integrada por varios negociados y/o secciones. Por excepción, se considera servicio la unidad administrativa de arquitectura (Servicio de Arquitectura), dado que -a pesar de tratarse de una unidad simple- no está adscrita a ningún área.

Los servicios pueden integrarse en áreas o configurarse como servicios no adscritos. Su jefatura puede atribuirse a puestos de trabajo reservados a las plazas de los grupos A2 o A1, sea de forma exclusiva o indistinta.

Las determinaciones de este apartado no serán de aplicación al Servicio de Deportes, por tratarse -a pesar de su denominación- de una unidad de carácter especial.

a.5) Área: unidad administrativa compleja, que agrupa dos o más servicios. Por excepción, se consideran integradas en un área las unidades administrativas que desarrollan las funciones propias de la Intervención (aunque sólo comprende un servicio) en atención a su complejidad y al marcado carácter directivo de la función pública interventora. La jefatura de las áreas se atribuirá exclusivamente a puestos de trabajo reservados a plazas del grupo A1.

b) Son unidades administrativas especiales aquellas unidades que, por la singularidad de sus funciones (determinada por su carácter no burocrático, su localización en centros de trabajo externos al Pazo Provincial o por cualquier otra singularidad relevante que desaconseje su homologación con las unidades administrativas ordinarias o comunes) adoptan una configuración específica. En este grupo se incluyen las brigadas, los parques y equipos de maquinaria o vehículos, los centros culturales, deportivos y formativos, las granjas y explotaciones agropecuarias y otros centros de trabajo especiales que puedan configurarse en el futuro.

Sin perjuicio de lo anterior, las unidades administrativas especiales pueden integrarse en unidades administrativas comunes de carácter complejo. Asimismo, pueden contener en su seno unidades administrativas de carácter común.

La tipología de las unidades administrativas especiales abarca los siguientes supuestos:

Brigadas: son unidades que tienen por objeto la realización de trabajos predominantemente manuales en obras públicas, conservación y mantenimiento de bienes y equipos o prestación de servicios.

Parques de maquinaria o vehículos: son unidades que tienen por objeto la gestión, conservación y funcionamiento ordinario de los vehículos y maquinaria al servicio de la Diputación Provincial.

Equipos de maquinaria: son unidades autónomas de maquinaria o vehículos, adscritas a un concreto servicio o sección.

Centros culturales, deportivos o formativos: se incluyen en este grupo los establecimientos dependientes de la Diputación Provincial dedicados a la prestación de servicios de carácter cultural, deportivo y formativo, tales como escuelas, bibliotecas, teatros, museos, salas de exposiciones, instalaciones deportivas, etc.

Granjas: se incluyen en este grupo las explotaciones agropecuarias dependientes de la Diputación Provincial.

No se establecen reglas generales para la organización e integración de estas unidades administrativas especiales, ni para la determinación de los requisitos de los puestos en los que concurra su jefatura o dirección, resolviéndose estas cuestiones caso por caso, justificadamente en función de las peculiaridades que presenten las concretas unidades existentes.

1.2) Criterios de clasificación de los puestos como singularizados o no singularizados:

De acuerdo con lo establecido en el artículo 18 de la Ordenanza provincial reguladora del cuadro de personal y de la clasificación y provisión de puestos de la Diputación Provincial de Ourense, los puestos no singularizados son aquellos que no poseen un contenido esencial distinto al de otros puestos de la misma naturaleza, nivel de complemento de destino, complemento específico y forma de provisión. El elemento fundamental para determinar el carácter singularizado es claramente el contenido funcional del puesto - contenido que será al que, a su vez, determine las retribuciones complementarias y la forma de provisión. El criterio fundamental empleado para la determinación del carácter singularizado de los puestos fue, así, la existencia de peculiaridades funcionales respecto de las funciones genéricas atribuidas a las categorías profesionales a las que se reservan los puestos. En los



casos en los que se aprecie la existencia de especificidades funcionales relevantes de carácter sustancial (especial dificultad técnica, responsabilidad, peligrosidad o penosidad, jornada u horario especial, etc.) el puesto se clasificará como singularizado, y como no singularizado en el resto de los casos.

1.3) Determinaciones generales sobre el establecimiento de la forma de provisión de los puestos:

1. El concurso ordinario es el procedimiento común de provisión de puestos. Los procedimientos de concurso específico y libre designación sólo podrán utilizarse en los casos previstos en los apartados 2 y 3 siguientes.

2. El concurso específico podrá establecerse para la provisión de puestos singularizados que además tengan características que aconsejen la valoración de méritos o cualidades específicas (creatividad, habilidades directivas, especial conocimiento de una materia u otros análogos).

3. El procedimiento de libre designación sólo podrá emplearse para la provisión de los puestos de jefatura de área y a puestos de apoyo directo a la Presidencia.

1.4) Determinaciones generales sobre la asignación del complemento de destino:

Partiendo del carácter jerárquico del complemento de destino, que viene a expresar la posición del puesto de trabajo en la estructura administrativa, su atribución a los diferentes puestos de la RPT se realizará de conformidad con las siguientes reglas:

a) Puestos de grupo A1:

Jefatura de área: nivel 30.

Jefatura de servicio o análogo: nivel 29

Jefatura de sección: nivel 28.

Jefatura de negociado: nivel 27.

Puestos singularizados de especial relevancia: nivel 27.

Puestos base: 26.

b) Puestos de grupo A2:

Jefatura de servicio o sección: nivel 26.

Adjunto al jefe de servicio o sección: nivel 26.

Jefe de negociado o puestos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 25.

Puesto base: nivel 24.

c) Puestos del grupo B:

Jefe de negociado: nivel 25.

Puestos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 23

Puesto base: nivel 21.

d) Puestos del grupo C1:

Jefatura de negociado o equivalente: nivel 22.

Jefatura de equipo o puestos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 21.

Puesto base: nivel 19.

e) Puestos del grupo C2:

Puestos con jefatura: nivel 18.

Puestos singularizados de especial relevancia funcional: nivel 17.

Puestos base: nivel 16.

f) Puestos de agrupaciones profesionales sin titulación:

Puestos con jefatura o singularizados de especial relevancia funcional: nivel 14.

Puestos base: nivel 12.

1. 4. Normas de valoración del complemento específico:

1. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 23.3.b) de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma de la Función Pública, los elementos objeto de valoración para su retribución a través del complemento específico son la especial dificultad técnica, dedicación, responsabilidad, incompatibilidad, peligrosidad o penosidad.

2. Todos los puestos integrados en un mismo grupo de titulación tendrán asignado un tramo fijo en el complemento específico, por entender que en todos los casos existirán elementos comunes, de difícil valoración por separado, de especial dificultad técnica, dedicación, responsabilidad, incompatibilidad, peligrosidad o penosidad. A estos efectos, el personal perteneciente a las escalas de Administración local con habilitación de carácter estatal se considerará integrado en un grupo diferenciado del resto de los funcionarios del grupo A.

El importe del tramo fijo, para el ejercicio 2011, será el siguiente:

Habilitados estatales: 12.639,651 €

Grupo A1: 11.119,006 €

Grupo A2: 9.606,134 €

Grupo B: 8.089,3763 €

Grupo C1: 8.089,3763 €

Grupo C2: 6.977,081 €

Agrupaciones profesionales sin requisito de titulación: 6.585,92 €

3. Las especiales circunstancias de dificultad, dedicación, responsabilidad, penosidad y peligrosidad e incompatibilidad de cada puesto de trabajo, no retribuidas a través del tramo fijo, serán objeto de valoración en un tramo variable, en el supuesto en que existan, conforme a las reglas establecidas en los apartados siguientes.

4. Para cada factor valorable se establecen distintos grados, en función de la diversa intensidad con la que ese factor concurra en el desarrollo de cada puesto de trabajo. A cada grado se le atribuye una determinada puntuación, asignándose un valor económico unitario al punto, de tal modo que la valoración del complemento específico será el resultado de multiplicar la puntuación obtenida por el valor económico unitario correspondiente.

El complemento específico de cada puesto será así el resultado de la suma de las puntuaciones obtenidas en cada factor objeto de valoración, más el tramo fijo previsto para cada grupo, expresándose en la siguiente fórmula polinómica: complemento específico = (T+D+R+Pnl+I) + tramo fijo.

5. El valor económico asignado a cada punto pasa a ser de 101,1172 euros para los grupos A1, A2, B, C1 y C2 y de 105,3748 euros para las agrupaciones profesionales sin requisito de titulación.

6. En todos los factores, excepto en el factor de responsabilidad, cada grado tendrá el siguiente valor en puntos: grado 1 = 1 punto; grado 2 = 3 puntos; grado 3 = 6 puntos; grado 4 = 12 puntos; grado 5 = 27 puntos.

En el factor de responsabilidad el valor de los grados es el siguiente: grado 1 = 6 puntos; grado 2 = 18 puntos; grado 3 = 36 puntos; grado 4 = 72 puntos; grado 5 = 108 puntos; grado 6 = 156 puntos.

Cuando se estime que en un puesto no concurre en ninguno de sus grados el factor de valoración de que se trate, se le asignará el grado cero, sin puntuación en ese concepto.

7. En la valoración de la dificultad de los puestos de trabajo se distinguirá la valoración de la dificultad técnica y la de la autonomía y/o iniciativa que exija su desarrollo.

Se establecen cinco grados de dificultad técnica y de autonomía y/o iniciativa, que se definen del siguiente modo:

a) Dificultad técnica:

- Grado 1: puestos en los que, aunque las tareas realizadas habitualmente tengan un carácter simple, rutinario o de escasa dificultad, pueden aparecer, con cierta frecuencia, situaciones con pocas opciones de elección.

- Grado 2: puestos en los que las tareas realizadas obligan, habitualmente, a resolver situaciones con varias opciones de elección.

- Grado 3: puestos en los que, con una alta frecuencia, deben resolverse situaciones con varias opciones de elección, siendo precisa la obtención y el análisis de una información relativamente compleja, exigiéndose además una respuesta inmediata o en un tiempo breve.

- Grado 4: actividades complejas por su diversidad o profundidad, que normalmente implican la toma de decisiones difíciles de consecuencias menos previsibles, exigiendo la obtención y el análisis de información compleja en un tiempo breve.

- Grado 5: actividades muy complejas, en el marco de responsabilidades que afecten a unidades con funciones diferentes, implicando la integración de información de carácter heterogéneo, funciones de resolución de conflictos, elaboración de planes y programas complejos o la realización de estudios o propuestas de carácter innovador y sin sujeción a precedentes.

Para la aplicación de los grados de dificultad técnica a cada puesto de trabajo se tendrá en cuenta tanto la titulación y la formación exigida para el desempeño del puesto como la carga de trabajo de éste, considerando que el grado de dificultad debe ponderarse en función del nivel de conocimientos que se presumen en el trabajador en razón de su formación, y que la carga de trabajo aumenta la dificultad, al obligar a resolver un mayor número de asuntos en un tiempo más breve.

b) Autonomía y/o iniciativa:

- Grado 1: puestos de trabajo sujetos a instrucciones concretas y específicas, aunque sin un control o supervisión directa y permanente por otro puesto de trabajo.

- Grado 2: puestos de trabajo sujetos a instrucciones genéricas.

- Grado 3: puestos de trabajo sujetos únicamente a instrucciones referentes a los resultados y objetivos para alcanzar.

- Grado 4: puestos de trabajo sujetos únicamente a directrices referentes a políticas y objetivos generales.

- Grado 5: puestos no sometidos a directrices políticas o funcionales, o con funciones que excluyan la dependencia jerárquica en cuanto a su concreto desarrollo.

8. El factor de dedicación mide la disponibilidad exigida al funcionario para realizar sus funciones fuera de la jornada laboral establecida.

En la valoración del factor de dedicación se distinguirán cinco grados, con la siguiente definición:

- Grado 1: disponibilidad ocasional.

- Grado 2: disponibilidad habitual baja

- Grado 3: disponibilidad habitual media

- Grado 4: disponibilidad habitual alta

- Grado 5: disponibilidad plena.

9. Para la valoración del factor de responsabilidad se establecen seis grados, con la siguiente definición:

- Grado 1: puestos con una responsabilidad baja, en los que los posibles errores o desviaciones pueden ser fácilmente detectados por el propio titular del puesto o su inmediato superior.

- Grado 2: puestos con una responsabilidad media, en los que los errores o desviaciones pueden ser detectados al rematar el trabajo o posteriormente, en cuyo caso resultan de difícil corrección, con la consiguiente pérdida de tiempo o con una repercusión económica o de imagen de cierta importancia.

- Grado 3: puestos con una responsabilidad cualificada, por implicar la dirección de unidades administrativas o la realización de actividades profesionales de las que puedan derivar consecuencias de importancia para la Diputación Provincial.

- Grado 4: puestos con responsabilidad directa de dirección, coordinación y gestión de unidades complejas, el funcionamiento de las cuales, no obstante, no incide en el rendimiento del resto de unidades de la Administración provincial.

- Grado 5: puestos con responsabilidad directa de dirección, coordinación y gestión de unidades complejas, de cuyo funcionamiento dependen el resto de las unidades de la Administración provincial; puestos con responsabilidad directa en materia de seguridad y protección de cargos públicos; puestos de apoyo directo a puestos con el grado 6 de responsabilidad.

- Grado 6: puestos con responsabilidad de asesoramiento directo a los órganos políticos de la Corporación en la toma de decisiones de naturaleza normativa, presupuestaria o de planificación y gestión, así como puestos con responsabilidades superiores de gestión de áreas o servicios de especial complejidad e importancia.

En la valoración del factor de responsabilidad no se tendrán en cuenta las posibilidades de causación de perjuicios por conductas dolosas o gravemente negligentes por parte de los empleados públicos.

10. Para la valoración del factor de penosidad y peligrosidad se establecen cuatro grados, con la siguiente definición:

- Grado 1: puestos que alternan condiciones normales con circunstancias tales como un ambiente desagradable, un cierto riesgo de accidente, posturas incómodas, desplazamientos frecuentes, atención a la pantalla del ordenador u/o atenciones al público.

- Grado 2: puestos que llevan implícitos desplazamientos constantes, posturas incómodas durante gran parte de la jornada, riesgo medio de accidente, atención constante y continuada a la pantalla del ordenador, tensión y estrés por gestionar de forma sistemática demandas de terceros y conflictos o especialidades en la jornada que, sin implicar exceso de la jornada normal, exijan un mayor esfuerzo por parte del trabajador (nocturnidad, jornadas en festivos).

- Grado 3: puestos que exigen la realización de trabajos manuales que requieran un especial esfuerzo en ambientes desagradables, insalubres o peligrosos, o que comporten un alto riesgo de accidente.

- Grado 4: puestos que exigen la realización de trabajos manuales que requieran un especial esfuerzo en ambientes desagradables, insalubres o peligrosos con un carácter continuado o que impliquen un alto riesgo de accidente grave.

11. Para la valoración de la incompatibilidad se establecen tres niveles, con la valoración que se indica.

- Nivel 3: puestos que pueden ser declarados compatibles con el ejercicio de actividades privadas, siempre que se respeten los límites y requisitos generales establecidos en la legislación de incompatibilidades. Valoración: 1 punto.

- Nivel 2: puestos que sólo excepcionalmente pueden ser declarados compatibles con el ejercicio de actividades privadas, siempre que se garantice la debida atención al puesto de trabajo. Valoración: 3 puntos.

- Nivel 1: puestos que en ningún caso pueden ser declarados compatibles con el ejercicio de actividades privadas. Valoración: 5 puntos.

El establecimiento de los diferentes niveles de incompatibilidad se realiza en atención al grado de dedicación exigible al puesto, y no a la posibilidad de colisión entre actividades públicas y privadas, al hallarse esta última prohibida, con carácter general y sin excepciones, para todos los puestos, por la legislación vigente.

Ourense, 4 de marzo de 2011. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.



ANEXO II

ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Código	Posto	Grp.	Nivel	CD	CE	TP	FP	T.Per	Categorías	Observacións
D.P.O./Área de Secretaría Xeral										
11001	Secretario Xeral	A1	30	968,75	3.117,79	S	L	F	Secretario Xeral(Habilitado Estatal)	
D.P.O./Área de Secretaría Xeral/Servizo de Recursos Humanos										
11001	Xefe Ser. de Recursos Humanos	A1	29	868,93	1.980,21	S	CE	F	Tec. Sup. Administración Xeral(Administración Xeral)	
11016	Adxunto ó Xefe Ser. de Recursos Humanos	A1	28	832,40	1.348,23	S	CE	F	Tec. Sup. Administración Xeral(Administración Xeral)	
11104	Técnico Asesor	A1	26	698,20	1.145,99	N	C	F	Tec. Sup. Administración Xeral(Administración Xeral)	
11017	Xestor de Recursos Humanos	A2	24	582,92	884,77	N	C	F	Xestor Administración Xeral(Administración Xeral)	
D.P.O./Área de Secretaría Xeral/Servizo de Recursos Humanos/Negociado de Formación										
11002	Xefe Neg. de Formación	A2	25	619,47	1.238,69	S	CE	F	Tec. Esp. en RRRHH e F.P.(Administración Especial)	
11013	Coordinador Técnico de Formación e Calidade	A2	24	582,92	884,78	N	C	F	Tec. Esp. en RRRHH e F.P.(Administración Especial)	
11003	Xestor de Formación	A2	24	582,92	884,77	N	C	F	Tec. Esp. en RRRHH e F.P.(Administración Especial)	
11020	Xestor de Formación	A2	24	582,92	884,77	N	C	F	Tec. Esp. en RRRHH e F.P.(Administración Especial)	
11005	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11015	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11019	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11004	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
D.P.O./Área de Secretaría Xeral/Servizo de Recursos Humanos/Negociado de Personal										
11006	Xefe Neg. de Personal	C1	22	509,84	969,04	S	CE	F	Administrativo Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11007	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11008	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11014	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11018	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
D.P.O./Área de Secretaría Xeral/Servizo de Recursos Humanos/Negociado de Nómimas e Seguridade Social										
11009	Xefe Neg. de Nómima e Seguridade Social	C1	22	509,84	969,04	S	CE	F	Administrativo Admón. Xeral(Administración Xeral)	
11010	Auxiliar de Oficina	C2	16	349,93	665,69	N	C	F	Auxiliar Admón. Xeral(Administración Xeral)	
D.P.O./Área de Secretaría Xeral/Servizo de Recursos Humanos/Negociado de Saúde Laboral										
11011	Xefe Neg. de Saúde Laboral	A2	25	619,47	1.179,70	S	C	F	Tec. Esp. Preven. Risgos Laborais(Administración Especial)	Requerimentos específicos de acceso ó posto: atoparse en posesión de titulación sanitaria de grao medio ou superior.
